



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 09.05.2018**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 09.05.2018

HORA DE COMEZO: 12:35 h.

HORA DE REMATE: 13:20 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. César Blanco Gómez
D. José M^a Franco García
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a Gloria M^a Pena Uris
D^a Mercedes Castro Mouzo

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 9 de maio de 2018, ás 12:35 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.03.2018).
2. Informe do presidente. Asuntos pendentes.
3. Acordo que proceda, sobre a proposta de colaboración anual coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para 2018. Asignación económica.
4. Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía de acollida para entregar ao novo alumnado que se matricule na Universidade de Vigo no curso 2018/2019. Asignación económica.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coas actividades das "Aulas de formación aberta" (Programa de maiores) para o curso 2017/2018.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización en Vigo da LXVI Conferencia española de decanos de Bioloxía.
7. Acordo que proceda sobre a petición dunha axuda para a edición do nº 33 da Revista Tres Campus, conmemorativa dos vinte anos da Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo.
8. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización da Conferencia internacional "Modelling the linguistic architecture of English: theories and methods".
9. Rogos e preguntas.

Don Ernesto Pedrosa desculpa a ausencia de dona Ana Isabel Vázquez, pola súa recente maternidade, polo que os presentes queren deixar constancia dos seus parabéns.

Entréganse aos asistentes exemplares en formato USB cos seus correspondentes dípticos do "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)".

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.03.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente. Asuntos pendentes.

Da conta don Ernesto Pedrosa da incidencia protagonizada pola organización do *XIII Congreso de lingüística xeral*, baixo a coordinación da profesora Maruxa Cabeza, que decidiu retirar unha petición formal de axuda que tiña presentada ao Consello Social, despois de comprobar que os ingresos captados cobren os gastos previstos. O presidente destaca a circunstancia, que cualifica de insólita na historia do Consello Social, máxime por tratarse dunha convocatoria con un elevado orzamento superior aos 45 mil euros, e que reunirá en Vigo a case 400 persoas.



PUNTO 3

Acordo que proceda, sobre a proposta de colaboración anual coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para 2018. Asignación económica.

Da conta o presidente da proposta para o actual exercicio de 2018 dun novo acordo de colaboración do Consello Social coa Fundación Universidade de Vigo, para a realización de actividades de común interese, a destacar entre elas as formativas no ámbito do emprego, como obradoiros sobre técnicas de busca de emprego para o estudiantado, e a elaboración de distintos traballos, estudos e informes de interese común: Informe sobre prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións (curso 2017/2018), que permitirá identificar os perfís profesionais de maior demanda e os sectores empresariais que amosan maior dinamismo, así como analizar a correlación entre a formación do alumnado e as necesidades empresariais; análise da posición da Universidade de Vigo nos rankings universitarios, e a Prospección de emprego, necesidades formativas en competencias transversais e liñas de colaboración con empresas. A Comisión ACORDA elevar

- ***Informe favorable ao Pleno, cunha dotación de 30.000 €.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a edición e distribución de carpetas-guía de acollida para entregar ao novo alumnado que se matricule na Universidade de Vigo no curso 2018/2019. Asignación económica.

Como é xa habitual nos últimos cursos, propónse a elaboración de *carpetas-guía* para facilitar a acollida dos novos alumnos que se matriculan por primeira vez na Universidade de Vigo para o curso 2018/2019. O presidente informa dos datos de entrega nos centros e da valoración da acollida que teñen as carpetas entre os alumnos. Engade que para a elaboración e produción de contidos, teranse en conta as posibles indicacións ou suxestións que se aporten dende distintas instancias da universidade, e moi especialmente as que fagan os alumnos. Tense así mesmo en conta unha dotación para contratar a distribución das carpetas nos centros, no caso de que non existan voluntarios na Universidade de Vigo que o poidan facer. Dona Gloria Pena suxire convocar un concurso de ideas para o contido e o deseño, especialmente orientado ás Facultades de Belas Artes e de Comunicación, en Pontevedra. Don Carlos Mollinedo, pola súa banda, solicita que a entrega das carpetas se efectúe a primeiros de setembro, cando os primeiros alumnos chegan ás aulas, e non esperar a que estean todos en outubro, como se está a facer. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar para a impresión das carpetas unha dotación máxima de 8.000 €, e de 800 € para a distribución.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coas actividades das "Aulas de formación aberta" (Programa de maiores) para o curso 2017/2018.

Informa o presidente do nomeamento dos vigueses dona Marina Troncoso e don Alejandro Otero como presidenta e vicepresidente 3º, respectivamente, da Confederación estatal de asociacións e federacións de alumnos e ex-alumnos dos Programas universitarios de maiores. De seguido resume a petición das Aulas de formación aberta, que forman os alumnos do cada vez máis numeroso programa de maiores do Campus de Vigo, para desenvolver distintas actividades na parte final do curso 2017/2018, entre elas taller de lectura, Cine Fórum, a organización,



comunicación e retransmisión de cinco sesións de formación e información vía Internet, e a organización do acto de fin de curso. Nun debate paralelo, os asistentes intercambian opinións sobre a representación que teñen e a que deberían ter na universidade os alumnos maiores, e si se debe recoñecer ou non normativamente o seu encaixe.

- ***Apróbase conceder unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización en Vigo da LXVI Conferencia española de decanos de Bioloxía.

A LXVI edición do foro que reúne a todos os decanos das Facultades de Bioloxía de España celebrárase en Vigo. Durante a Conferencia abordaranse aspectos relacionados cos actuais estudos de grao e mestrado, incluíndo os plans de estudo, a converxencia dos procedementos que se levan a cabo nos títulos e a orientación profesional, entre outros. Na sesión de traballo participan representantes do Colexio oficial de biólogos, para aportar a visión profesional. Oídas as argumentacións, a Comisión

- ***Aproba unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición dunha axuda para a edición do nº 33 da Revista Tres Campus, conmemorativa dos vinte anos da Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo.

Próxima a cumprir 20 anos de existencia, a Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo prevé a publicación de 500 exemplares da revista "Tres Campus". Proponse como unha edición extraordinaria –que representará o número 33 da revista- para recompilar e amosar o traballo feito durante a súa historia, para pechar así unha etapa e abrir un novo tempo con nova dirección á fronte do colectivo, segundo se explica na memoria presentada. A preguntas de don Ernesto Pedrosa, don José María Franco engade que se está na fase de recompilar colaboracións e textos varios, e que a revista podería ser editada entre setembro e outubro.

- ***Concédesse unha axuda de 2.220 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización da Conferencia internacional "Modelling the linguistic architecture of English: theories and methods".

Dende o Departamento de Filoloxía, inglesa, francesa e alemá, da Facultade de Filoloxía e Tradución, o grupo investigador HI19 da Universidade de Vigo organiza a Conferencia internacional "Modelling the linguistic architecture of English: theories and methods", dirixido a estudantes e persoal investigador do ámbito da lingüística, para ofrecer unha visión das metodoloxías e apostas teóricas máis innovadoras. O programa reúne a catro conferenciantes plenarios de distintas universidades europeas, e 16 participantes seleccionados tras un proceso de avaliación científica "cega".

- ***Concédesse unha axuda de 1.800 €.***



PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Intervén o presidente para agradecer a dona Gloria Pena, a súa "construtiva aportación" ao Consello Social en xeral, e a esta Comisión en particular, durante a súa estadía como secretaria xeral da Universidade de Vigo. Subliña a espontaneidade e o criterio sempre positivo e ponderado como valores representativos das súas frecuentes intervencións, así como a súa exemplar asistencia sempre que foi convocada. Don José María Franco e os demais asistentes maniféstanse no mesmo senso. Dona Gloria Pena agradece os eloxios e cualifica o seu paso polo Consello Social como unha experiencia especialmente agradable, na que salienta o trato, o ton e o diálogo que fixeron posible o traballo pola Universidade de Vigo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 9 de maio, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias